

Guía para o Seguimento e Avaliación das Estratexias Locais de Infraestruturas Verdes e Adaptación ao Cambio Climático

Unha ferramenta práctica para as entidades locais da Eurorrexión Galiza-Norte de Portugal para supervisar a implantación de Estratexias de Infraestruturas Verdes e Adaptación ao Cambio Climático (ELIVACC).

Guía ELIVACC
descárgaa aquí



green-gap.eu

Estructura da guía

Esta guía está estruturada en cinco fases para apoiar o desenvolvemento, seguimento e avaliación das ELIVACC, cun enfoque na aplicación práctica dos indicadores necesarios para monitorizar os beneficios dos servizos ecosistémicos.



Beneficios dos servizos ecosistémicos



Cuantificar os beneficios proporcionados polos servizos ecosistémicos permite tomar decisións informadas, optimizar os recursos e reforzar a planificación a longo prazo e a sustentabilidade das Estratexias de Infraestruturas Verdes.

Adaptación e Resiliencia ao Cambio Climático

- Regulación do drenaxe para o control de inundacións
- Regulación térmica para amortecer as ondas de calor
- Control da erosión e desertización
- Mitigación do risco de incendios

Mellora da Calidade Ambiental e Mitigación do Cambio Climático

- Absorción de CO₂ e outros gases de efecto invernadoiro
- Redución dos niveis de contaminación acústica
- Redución dos niveis de contaminación luminosa
- Mellora da calidade do ar
- Regulación da calidade das augas superficiais e subterráneas (acuíferos)
- Regulación das condicións do solo

Conservación e Mellora da Biodiversidade

- Control de especies exóticas invasoras
- Polinización
- Control biolóxico de pragas
- Mellora da calidade e conectividade dos hábitats e espazos naturais

Fomento de Hábitos Saudables e Mellora do Benestar


- Preservación de espazos deportivos e de lecer
- Conservación de paisaxes, espazos e elementos simbólicos da natureza relacionados co benestar emocional
- Creación de espazos comunitarios participativos

Impulso da Economía Local Sostible

- Utilización de recursos para investigación
 - Utilización de recursos educativos e formativos
 - Preservación de símbolos naturais e elementos de interese ecolóxico
 - Producción de alimentos mediante a agricultura tradicional
 - Uso sostible dos recursos forestais
-

A Importancia do Seguimento e Avaliación

O seguimento e a avaliación continuos das ELIVACC son esenciais para garantir a eficacia das accións implantadas. Permiten axustes regulares, identificación de fallos e maximización dos beneficios proporcionados polos servizos dos ecosistemas, e deben articularse co **compromiso da comunidade local**.



A participación cidadá é esencial para garantir a sustentabilidade das ELIVACC ao longo do tempo

Ferramentas de Participación e Monitorización Online

Desenvolveuse unha plataforma web transfronteiriza para facilitar o seguimento e a avaliación da infraestrutura verde. A plataforma inclúe ferramentas como un visor interactivo e enquisas participativas, permitindo que a poboación e as partes interesadas poidan recibir e proporcionar información sobre o progreso das estratexias.

- 🔍 Enquisa participativa sobre infraestruturas verdes locais
- 🔍 Formulario de seguimento e avaliación ELIVACC
- 🔍 Datos xeográficos de interese para os concellos



emapic.es/custom/greengap

O proxecto 0029_GREEN_GAP_1_E está cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional FEDER no marco do programa Interreg VI A España – Portugal (POCTEP) 2021- 2027



CÂMARA
MUNICIPAL DE
GUIMARÃES



Concello
de Pontevedra



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

